

Referencia:	<b>2023/681A</b>
Procedemento::	<b>Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del CAV</b>
Interesado:	
Representante:	
<b>GABINETE DE ASESORÍA XURÍDICA E ASIST. MUNICIPIOS (5662)</b>	

*Expediente para a aprobación, si procede, do Orzamento xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2023.*

## **INFORME DA SECRETARÍA**

### **ANTECEDENTES:**

**Primeiro:** Con data 17.01.2023, dende a Tesourería deste Consorcio, comunicouse a través do xestor de expedientes electrónicos da Deputación MyTao, a creación do expediente con núm. 2023/681A - aprobación do Orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras (CAV) coa finalidade de que o mesmo, por ordenalo así a Presidencia, se incluíse na orde do día da Asemblea do próximo 23 de xaneiro de 2023.

**Segundo:** O presente informe emítese en cumprimento da función de asesoramento legal que esta secretaría ten encomendada no artigo 13 dos Estatutos do CAV (DOG núm. 203, de 24 de outubro de 2012).

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 (TRLFFLL): Artigos 162 ao 171 e 193.bis.
- Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL): Artigos 33.1 c) e 47.1.
- a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

## CONSORCIO DE AUGAS

- Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais: Artigos do 2 ao 23.
- Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás EELL, aprobado polo Real Decreto 1463/2007.
- Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto-Lei 17/2014, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Real decreto-Lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros e demais normativa concordante.
- Decreto 203/2012, de 11 de outubro de 2012, polo que se aproba a constitución do Consorcio de Augas de Valdeorras (DOG núm. 203, de 24 de outubro de 2012).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**PRIMEIRA:** Tralas reformas introducidas polas Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e 15/2014, de racionalización do Sector

Público e outras medidas de reforma administrativa, os Consorcios locais, no ámbito das administracións locais, son entes instrumentais do sector público institucional agás que ás lexislacións autonómicas os inclúa dentro das entidades locais (STS 28 de maio de 2020).

No caso de Galicia, o artigo 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia inclúe os consorcios como entidades locais non territoriais. Polo tanto, resulta de aplicación ao presente caso a normativa sobre formación e aprobación dos orzamentos das entidades locais.

**SEGUNDO.-** De conformidade co disposto no artigo 122 da LRXSP, os consorcios estarán sometidos ao réxime orzamentario, de contabilidade e control da Administración Pública á que estean adscritos, neste caso da Deputación Provincial de Ourense (DPOU), e os mesmos deberán formar parte dos Orzamentos e engadirse na conta xeral da Administración Pública de adscrición.

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, a el imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, así como as obrigacións recoñecidas durante o exercicio (artigos 163 e seguintes do TRLRFFLL), deberán ter o contido establecido no artigo 164 do TRLRFFLL e aprobarse sen déficit inicial.

O orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei de Estabilidade Orzamentaria, e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren, os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións, os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio, e, así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

## CONSORCIO DE AUGAS

Os anexos que deberá conter son os indicados no artigo 166 do TRLRFFLL. En canto á estrutura dos estados de ingresos e gastos, será a determinada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, se ben o propio CAV poderán clasificar os gastos e ingresos atendendo á súa propia estrutura de acordo cos seus regulamentos ou decretos de organización e os estados de gastos dos orzamentos xerais das entidades locais aplicarán as clasificacións por programas e económica de acordo cos criterios previstos no artigo 167.3 do TRLRFFLL.

**TERCEIRA.-**Corresponde a súa elaboración ao Presidente (artigo 168 do TRLRFFLL) e deberá conter a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

No suposto de preverse subvencións nominativas no Orzamento elaborado (no que se indicará expresamente o beneficiario, o seu importe e o obxecto ao que van destinadas – artigo 22.2 da LXS e artigo 65 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeneral de Subvencións), considérase que esta Memoria (ou outra anexa), debe xustificar e motivar a utilización deste procedemento de concesión de subvencións non ordinario, segundo o previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS), Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e a xurisprudencia aplicable (por todas, a STTSX de Valencia de data 05.03.2014 ou a STTSX Castela a Mancha de data 21.12.2020).

As subvencións previstas deben ter consignado no orzamento crédito adecuado e suficiente no estado de gastos, sendo congruente o mesmo coa clasificación por programas e económica do crédito orzamentario.

b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

c) Anexo de persoal.

d) Anexo dos investimentos para realizar no exercicio.

e) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o

orçamento municipal e das obrigacións pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

f) Informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

**CUARTA:** O procedemento para a aprobación do Orzamento, se procedese, é o seguinte:

- Se afectase a materias relativas ao persoal previstas no artigo 37 do TREBEP, debe someterse a negociación colectiva na Mesa Xeral de negociación con carácter previo a súa aprobación (artigos 31 e seguintes do TREBEP, e consolidada xurisprudencia sobre a materia (por todas a STS de 22.10.2012, STS 18.11.2018 ou a STTSX de Galicia de 22.06.2020)).
- Débese emitir informe da Intervención (artigo 4.1. b).2º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional) así como o informe para o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira (artigo 16 do Real Decreto 1463/2007).
- Aprobación inicial pola Asemblea (artigo 8 dos Estatutos) antes do 15 de outubro. O quórum necesario para adoptar o acordo de aprobación é o de maioría simple (artigos 33.1 c) e 47.1 LRBRL).
- Exposición ao público, previo anuncio no BOP, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións diante da Asemblea.
- O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, a Asemblea dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

No caso de que se presentasen alegacións, o órgano interventor procederá á información das mesmas. Á vista das alegacións presentadas a Comisión de

## CONSORCIO DE AUGAS

Contas emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte da Asemblea.

- Orzamento do CAV deberá publicarse no BOP resumido por capítulos, entrando en vigor no exercicio unha vez fose publicado na forma prevista anteriormente.
- Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao BOP do anuncio descrito anteriormente.
- O acordo de aprobación definitiva do Orzamento xeral notificarase ás persoas interesadas.

**QUINTA:** Contra a aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo diante do TS de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establezan as normas da devandita Xurisdición (artigo 113 da LRBRL e artigos 170 e 171 do TRLRFFLL).

O Tribunal de Contas (Consello de Contas) deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Este é o meu informe ao expediente núm. 2023/681A, o cal emito a efectos estritamente procedimentais e formais (non materiais), sen prexuízo de calquera outro mellor fundado, e do que o Presidente do CAV e/ou a Asemblea estimen pertinente resolver.